



IV Premio Realia de Tradución Literaria

A Editorial Hugin e Munin, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela, convoca a **cuarta edición do Premio Realia de Tradución Literaria**, un certame de periodicidade bienal co que recoñecer traducións inéditas á lingua galega de obras narrativas, circunscritas ao xénero da novela e da novela curta. O obxectivo é outorgarlle visibilidade ao traballo dos profesionais da tradución e recoñecelo coa publicación da obra nalgunha das coleccións da editorial.

O premio rexerese polas seguintes bases:

- 1.^ª Poderán concorrer ao premio traducións directas ao galego, consonte a normativa vixente, de obras narrativas escritas orixinalmente noutra lingua (agás castelán e portugués), sempre que estean libres de dereitos de autor. Polo tanto, salvo excepcións, deberán ser obras de autoras e autores falecidos antes do 1 de xaneiro de 1943.
- 2.^ª Outorgarase un único premio dotado con 1.500 €, importe ao que se lle practicará a retención pertinente.
- 3.^ª Os traballos deberán ser inéditos e non contaren con ningunha distinción previa. Non se admitirán obras de autores e autoras xa traducidos ao galego.
- 4.^ª A extensión mínima requirida é de 100.000 caracteres con espazos.
- 5.^ª As traducións, ademais de nun ficheiro PDF (contido nunha memoria USB ou en calquera outro soporte informático válido), deberán presentarse en papel, nunha única copia, coas seguintes características: tamaño DIN A4 (marxes superior e inferior: 2,5 cm; marxes esquerda e dereita: 3 cm), fonte Calibri a tamaño 14 e espazo interlinear de 1,5.

Facilitarase ademais unha copia dixital ou en papel do texto orixinal de

referencia para a tradución, ou no seu defecto a ligazón á fonte utilizada, que deberá ser accesible para o xurado.

6.^a Acompañarase unha plica na que se fará constar o nome, apelidos, nacionalidade, enderezo, teléfono e correo electrónico do tradutor/a, ademais de incluír un breve currículo no que se indique a formación tanto na lingua de partida coma na lingua meta. No exterior da plica unicamente deben figurar o pseudónimo e o título da obra.

7.^a As traducións deberán remitirse á Rúa do Castro, 9, 3º, 15704 Santiago de Compostela (teléfono de contacto para o transportista: 676010030), indicando no sobre: Premio Realía de Tradución Literaria. As obras participantes deberán ser enviadas por servizo de mensaxaría ou correo postal. A fin de preservar o anonimato, non poderán entregarse persoalmente nin polo tradutor nin por persoa interposta.

8.^a O prazo de recepción rematará ás 14:00 horas do día 15 de xullo de 2023. As obras que cheguen con posterioridade deberán acreditar que en orixe foron enviadas dentro do prazo.

9.^a O xurado estará formado por, cando menos, un representante da editorial Hugin e Munin, un profesional vinculado ao mundo do libro e un lector independente. Valorarase a transcendencia e a calidade da obra e do autor traducidos, así como o feito de cubrir un oco relevante no sistema literario galego, ademais de aspectos como a fidelidade ao texto orixinal, a corrección ortotipográfica e gramatical na lingua meta, a fluidez do texto, a riqueza expresiva e a creatividade das solucións, sempre tendo como referencia as fontes académicas.

10.^a O traballo premiado será publicado pola Editorial Hugin e Munin nalgunha das súas coleccións, tras ser adaptado aos seus criterios editoriais e ser sometido a unha corrección profesional. A versión galega da obra terá unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Non-Comercial-Obras-Non-Derivadas 3.0 ou superior.

11.^a O xurado poderá declarar deserto o premio.

12.^a O ditame do xurado será inapelable.

13.^a A non ser que o volume de obras recibidas obrigue a adiar a data, o

ditame anunciarase antes do 1 de setembro de 2023.

14.^a Os traballos que non se premien non serán devoltos e serán destruídos.

15.^a O feito de participar neste certame implica a total aceptación e conformidade con estas bases.

17 de abril de 2023
Santiago de Compostela